



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de  
Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruíz, María Isabel  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Tabarés, José Luis  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rubio Armesto, María Belén  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel  
Valderrama Santomé, Mónica

### DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel  
Currás Valle, Consuelo  
García Cutrín, Francisco Javier  
Lavilla Beltrán, M<sup>a</sup> Isela  
Pardo Froján, Juan E.  
Reboreda Morillo, Susana  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Ruiz Hidalgo, Carmen

### PDI-A

Collazo Fernández, Antonio  
Fálagan Mota, Jorge  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
Lorenzo Rodríguez, Edita de  
Pazos Arias, José Juan  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Rivo López, Elena

### PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar  
Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>

### ESTUDANTES

Couto Cancela, Daniel  
Domínguez Blanco, Santiago  
González López, Raquel

### PAS

Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

González de Prado, Begoña  
Pérez Gómez, Luis

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Balado Barciela, Adrián  
Cuevas Alonso, Miguel  
Cuiñas Gómez, Iñigo  
Ferro Soto, Antonio Carlos  
García Señorán, M<sup>a</sup> del Mar  
Gómez Fariñas, Beatriz  
González Almón, Yasmina  
González Santamaría, Pedro  
Pérez Vázquez, M<sup>a</sup> Consuelo  
Picos Martín, Juan

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 28 de outubro de 2019, convocada para as 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Ás 10:00 h do día **28 de outubro de 2019** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 17 de setembro de 2019.

Non habéndose presentando correccións, apróbase a acta por asentimento.

### 2. Informe do Sr. reitor.

O Sr. reitor informa sobre as seguintes cuestións:

- Cambio da dirección do CINBIO. Agradece a súa labor á profesora África González e anuncia o nomeamento de Miguel Correa.

- Informa sobre os estudos das obras no Campus de Pontevedra para a súa peonalización e o proxecto do Skate Park.

- A Conselleira de Educación visitou o Edificio do Campus da Auga en Ourense. Referendou o compromiso coa Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo respecto do Máster.

- Houbo unha xuntanza co Alcalde de Vigo e o Delegado de Zona Franca en relación coa mellora do transporte ao Campus de Vigo.

- Fala da iniciativa “Invest in Vigo”, relacionada co investimento estranxeiro en Vigo, para atraer industria.

- Hai unha nova convocatoria de mestrados de excelencia e tentaremos que os directores de mestrados con maiores posibilidades se presenten.

- Informa sobre a nova estrutura da Xerencia: D. Paco Corrales, o Vicexerente económico, e substituído por D<sup>a</sup>. Patricia Valcárcel Fernández como Vicexerenta de Contratación e Servizos Xerais.

**3. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Titular de Universidade correspondente á OEP do ano 2018 (Plan Promoción CG 20/03/2019) e a creación das prazas correspondentes.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado quen explica o procedemento establecido, destinado a baleirar o antes posible a bolsa do PDI acreditado. Trátase de iniciar o proceso de convocatoria destas prazas (24) aprobando as áreas en que serán convocadas. Resérvase unha praza para o cupo de discapacidade. O Sr. Vicerreitor da lectura ás prazas segundo as distintas áreas de coñecemento, que foron acompañadas coa documentación aportada á presente reunión e que foron aprobadas previamente pola COAP. O Sr. Emilio Fernández indica que lle parece ben o reparto de áreas pero que non está de acordo cos criterios, aínda que non vai votar en contra.

Apróbase por asentimento.

**4. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Catedrático/a de Universidade correspondente á OEP do ano 2018 (Plan Promoción CG 20/03/2019) e a creación das prazas correspondentes.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que expón basicamente o mesmo que no punto anterior, pero en relación coas cátedras. Da lectura ás prazas, onde tamén hai outra polo cupo de discapacidade, segundo a listaxe previamente aprobada pola COAP e que foi acompañada. O Sr. Emilio Fernández quere que conste en acta o mesmo comentario que no punto anterior.

Apróbase por asentimento

**5. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Contratado Doutor correspondente á OEP do ano 2017 (criterios aprobados no CG 21/03/2018) e a creación da praza correspondente.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado. É unha praza que procede do 2017, e á que renunciou a persoa con dereito á promoción. Destinarase a Enxeñaría Aeroespacial, onde pode haber polo menos unha persoa interesada. O reitor agradece a posición favorable dos sindicatos a este respecto.

Apróbase por asentimento.

**6. Aprobación, se procede, da proposta da Oferta de Emprego Público do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2019**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado. Os criterios foron aprobados pola COAP e informados positivamente pola Mesa de Negociación. Explica algúns detalles da oferta, en canto ás baixas e á taxa de reposición. Son 20 prazas pola quenda xeral e 4 para investigadores (Ramón y Cajal). Déuselle a posibilidade de optar por Titular (3) ou Contratado Doutor (1). O resto serán de titulares e 23 prazas de cátedras por promoción interna. Informa de que hai neste momento 62 persoas acreditadas como catedráticos/as e 93 como titulares. Queda pendente do visto e prace da Consellería de Facenda e do Ministerio en Madrid. As prazas se executarán no 2020.

Apróbase por asentimento.

**7. Aprobación, se procede, da I edición de Curso de Especialista.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado. Seguindo a actual normativa de cursos, a primeira edición dos mesmos ten que pasar polo Consello de Goberno. Trátase dun curso en Termalismo e SPA impulsado desde o Campus da Auga, en combinación con Portugal, e que cumpre todos os requisitos e conta con todos os informes positivos.

Apróbase por asentimento.

**8. Aprobación, se procede, da creación dunha subdirección para a EIDO.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado. A solicitude ven da EIDO. Corresponde a competencia ao Consello de Goberno. A EIDO mandou un pequeno resumo das funcións, que se centran nos procedementos de calidade.

Apróbase por asentimento.

**9. Aprobación se procede, do “Regulamento do Rexistro Electrónico da Universidade de Vigo”.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. secretario xeral, que describe brevemente a proposta, que é necesaria pola implantación do Rexistro Electrónico. Xa foi aprobada previamente pola Comisión da Administración Electrónica. Trátase dunha normativa moi técnica.

Apróbase por asentimento.

**10. Aprobación, se procede, do nomeamento dun membro da Comisión de permanencia e progreso da Universidade de Vigo (cupo de decanos/as e directores/as).**

O Sr. reitor cede a palabra á Sr. vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria. Explica a composición da comisión e propón a D<sup>a</sup>. Eva María Lantarón, Decana da Facultade de Fisioterapia, en substitución da Decana de Belas Artes.

Apróbase por asentimento.

**11. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno: Investigación (1 estudante).**

O Sr. reitor informa de que non se presentaron candidaturas.

**12. Elección dos representantes do C.G. no Consello Social (1 estudante)**

O Sr. reitor informa de que D. Daniel Couto Cancelo presentou a súa candidatura fóra de prazo, polo que é rexeitada en principio, pero o Sr. reitor pide que se aprobe ao non haber outras candidaturas.

Elíxese a D. Daniel Couto Cancela.

**13. Elección dos seguintes membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado (1 estudante)**

O Sr. reitor informa de que non se presentaron candidaturas.

**14. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico; 1 estudante do ámbito Tecnolóxico.**

O Sr. reitor informa de que non se presentaron candidaturas.

**15. Quenda de intervencións.**

O Sr. Luis Pérez pregunta sobre a incorporación dos representantes sindicais ao Consello de Goberno, dadas as novas elección sindicais e tamén en relación co Claustro. Solicita que se faga unha interpretación máis tendente á súa proposta de renovar a dita representación o antes posible. O Sr. secretario xeral está de acordo en estudar o asunto.

D<sup>a</sup>. Raquel González, representante do alumnado, pregunta por certos atrasos no pagamento de bolsas. O Sr. vicerreitor de Planificación e Sostibilidade dá as explicacións oportunas, derivadas dun problema informático. O Sr. Santiago Domínguez pregunta polo límite para o fotocopiado gratuíto no mes de outubro, xa que foi enviado un correo a 10 alumnos. O Sr. vicerreitor de Planificación e Sostibilidade aclara a razón do escrito, xa que houbo persoas que chegaron ata as 9000 fotocopias.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:40 h do día 28 de outubro de 2019, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral